



ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E MOBILIDADE SOSTIBLE
Servizo de Medio Ambiente

📄 54110I02T8 📁 541/2016/329Exp.: CMA-24/16

JP/ab

Decreto para a creación da Oficina contra o Cambio Climático

Exposición de motivos

A participación das comunidades locais nas políticas en favor dun futuro baixo en carbono é probablemente a principal baza coa que conta o noso planeta para alcanzar os obxectivos de redución das emisións de CO₂ a escala global, aos que se comprometeron no Cume de París mandatarios de todo o mundo. A aplicación de políticas e medidas municipais é unha das formas máis eficaces de loita fronte a un dos principais retos da humanidade no que resta de século, o cambio climático.

O Concello da Coruña non é alleo a este problema. A Estratexia Local Contra ao Cambio Climático (2014-2020) prevé unha serie de actuacións, non exhaustivas, dirixidas a reducir de xeito efectivo o nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro do municipio, contribuíndo desta maneira ao cumprimento dos obxectivos fixados pola comunidade internacional para o ano 2020. Para impulsar esta aposta pola preservación do noso clima, o Concello da Coruña comprometeuse, mediante a firma do acordo de adhesión do Pacto dos Alcaldes e Alcaldesas para o Clima e a Enerxía (2012), a que eses compromisos fosen algo máis que unha mera declaración de intencións e pasen a ser unha ferramenta útil para a dinamización das políticas de loita contra o cambio climático desde a óptica local.

Por ese motivo, o día 11 de xaneiro de 2016 aprobouse por unanimidade de todos os grupos presentes no Pleno do Concello da Coruña, unha moción para impulsar as políticas de loita contra o efecto invernadoiro e poñer en marcha Oficina contra o Cambio Climático.

O Decreto pretende dar cumprimento ao compromiso político asumido na moción de 11 de xaneiro de 2015 e na Estratexia Local Contra ao Cambio Climático, mediante a creación formal da Oficina contra o Cambio Climático.



ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E MOBILIDADE SOSTIBLE Servizo de Medio Ambiente

📄 54110I02T8 📁 541/2016/329Exp.: CMA-24/16

JP/ab

A competencia para a aprobación deste Decreto é do Alcalde, de acordo co artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Polo exposto, dito a presente Decreto conforme ás seguintes disposicións:

Primeiro. Obxecto

O obxectivo deste Decreto é a creación da Oficina contra o Cambio Climático, que ten por finalidade desenvolver os compromisos derivados do Pacto dos Alcaldes e das Alcaldesas para o Clima e a Enerxía e velar pola aplicación efectiva e o seguimento da Estratexia contra o Cambio Climático do Concello da Coruña. Para iso, a Oficina é unha comisión de colaboración interdepartamental para integrar a variable climática e enerxética no deseño e desenvolvemento de políticas e actuacións de todas as áreas e servizos do Concello da Coruña.

Segundo. Composición e estrutura

1. A Oficina contra o Cambio Climático terá a seguinte estrutura:

a) Comisión Técnica.

b) Grupos de Traballo, que se designen.

2. A Comisión Técnica da Oficina contra o Cambio Climático estará integrada pola/o Concelleira/o delegada/o de medio ambiente, que a convocará e presidirá, e polas/os xefas/es de servizo con competencias en materia de medio ambiente, urbanismo e rexeneración urbana, facenda e administración, emprego e economía, cultura, deporte e coñecemento, participación, mobilidade sostible, servizos sociais e Igualdade e diversidade.

Tamén formará parte da Comisión Técnica da Oficina un técnico representante da Concellería de Medio Ambiente, designado pola/o Conselleira/o delegado de Medio Ambiente, que desenvolverá as funcións de secretaría da Oficina.

4. A Comisión Técnica da Oficina contra o Cambio Climático poderá constituír Grupos de Traballo, que desenvolverán proxectos concretos vinculados aos obxectivos da Estratexia contra o Cambio Climático da Coruña.

Terceiro. Funcións



ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E MOBILIDADE SOSTIBLE

Servizo de Medio Ambiente

📄 54110I02T8 📁 541/2016/329Exp.: CMA-24/16

JP/ab

A Oficina contra o Cambio Climático desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Coordinar, revisar, actualizar e facer o seguimento da Estratexia Contra o Cambio Climático da Coruña, así como garantir a integración dos obxectivos da estratexia no deseño e aplicación de políticas e actuacións municipais de todas as concellerías e dos orzamentos municipais.
- b) Propoñer obxectivos anuais específicos, dentro do marco definido pola Estratexia Contra o Cambio Climático da Coruña e as directrices do Goberno municipal, que serán aprobados anualmente pola Xunta de Goberno Local.
- c) Propoñer iniciativas para promover o uso racional da enerxía, particularmente destinadas ao aforro, á eficiencia e a unha transición cara ás enerxías renovables.
- d) Fomentar a investigación, así como elaborar e centralizar o coñecemento da cidade sobre cambio climático, mediante a realización de propostas aos servizos correspondentes.
- e) Servir de marco de colaboración entre os servizos para a realización de actuacións conxuntas de promoción da comunicación, o asesoramento, a concienciación e a sensibilización en materia de cambio climático.
- f) Establecer un espazo de cooperación e intercambio de información para dinamizar o funcionamento da Rede de Enerxía Sustentable.
- g) Dar cumprimento aos obxectivos do Pacto dos Alcaldes e Alcaldesas para o Clima e a Enerxía, mediante a realización de informes, a análise de proxectos municipais, o fomento da participación cidadá e o desenvolvemento de actuacións de divulgación.
- h) Analizar liñas de financiamento para a implantación de proxectos ligados á Estratexia Contra o Cambio Climático.
- i) Apoio ao mantemento da ISO 50001 nos edificios municipais e coordinación da súa aplicación.
- j) Propoñer a revisión e actualización periódica da Estratexia contra o cambio climático do Concello da Coruña.
- k) Elaborar un informe anual da actividade desenvolvida que será remitida a Comisión Informativa de Medio Ambiente.

Cuarto. Réxime de funcionamento



ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E MOBILIDADE SOSTIBLE

Servizo de Medio Ambiente

📄 54110I02T8 📁 541/2016/329Exp.: CMA-24/16

JP/ab

1. O funcionamento das comisións que integran a Oficina contra o cambio climático rexerese pola regulación sobre o funcionamento dos órganos colexiados prevista na lexislación vixente sobre o sector público.

2. A Comisión Técnica reunirse un mínimo de dúas veces ao ano en sesión ordinaria.

Quinta. Eficacia

O Decreto xurdirá plenos efectos para os seus destinatarios a partir do día seguinte ao da súa publicación no sitio web municipal.

A Contra,

21 JUN. 2016

O ALCALDE,

